


Organiza:



Xornada Informativa:

## Intelixencia competitiva para investigadores, e como usala como *unfair advantage* para acadar financiamento



- Data:  
Martes 14 de marzo de 2017, de 11.00 a 13.00 h.
- Lugar:  
Salón de Graos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Campus Lagoas-Marcosende, Vigo),
- Inscripcións:  
Enviando o formulario adxunto por correo electrónico a [ecobas@uvigo.es](mailto:ecobas@uvigo.es). (Indicar no asunto: XORNADA LINKNOVATE).  
As prazas serán asignadas por orde de inscrición ata cubrir o aforo.
- Prazo de inscrición:  
Ata o 9 de marzo.
- Prezo:  
De balde.
- Imparte:  
Manuel Noya Mariño,  
Co-Fundador e CEO de 

## Xornada Informativa: Intelixencia competitiva para investigadores, e como usala como *unfair advantage* para acadar financiamento

### SOBRE LINKNOVATE:

Linknovate foi fundada en 2012 por Manuel Noya e Javier Cambón na aceleradora de empresas de Stanford University (StartX), unha das máis prestixiosas do mundo. Trátase dunha *discovery engine*, que a diferenza das *search engines* comerciais, está especializada en axudar aos seus usuarios para identificar tecnoloxías emerxentes e ós *key-players* detrás destas tecnoloxías (sexan universidades, grupos de investigación ou empresas). Linknovate traballa para empresas coma Faurecia, BMW AG ou REPSOL, proporcionando servizos de intelixencia de negocio. Manuel Noya é o CEO da compañía dende 2014, levando á empresa a acadar importantes logros coma o 1º premio da aceleradora europea de *open data* Finodex, ou á consecución de dous Proxectos Europeos H2020 en 2015 e 2016 e recentemente un Instrumento PEME (fase I).

Linknovate é actualmente unha *startup* de sete persoas que segue crescendo internacionalmente.

### OBXECTIVO DA XORNADA:

Falaremos de innovación mediante análise de datos, procura de *partners* e análise de competidores: a de verdade, e a que leva un esforzo.

- Como entender tecnoloxías emerxentes e analizar competidores tecnolóxicos
- Como realizar estudos de *state-of-the-art* que sexan atractivos (e os revisores teñan ganas de ler)
- Como usar e dixerir datos para buscar *partners* gañadores
- Como a vixilancia tecnolóxica pode axudar a acurtar tempos en propostas

E trataremos de traducir todo isto en como multiplicar por cinco as probabilidades de competir (e gañar) un proxecto europeo (ou nacional) de I+D.

